



BATERÍA DE MEDIDAS URXENTES PROPOSTA POR ESCENA GALEGA (ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS) Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA A RESPECTO DA XESTIÓN DA REDE CULTURAL (PROGRAMA *ESCENA AO VIVO*) PARA AFRONTAR OS EFECTOS NO SECTOR ESCÉNICO PROFESIONAL GALEGO DERIVADOS DA CRISE DO CORONAVIRUS/COVID19.

En Santiago de Compostela, a venres 20 de marzo de 2020

1. Posibilidade de programación dentro da Rede Cultural 2020 a comezos do 2021, de maneira extraordinaria.

Os prazos da Rede Cultural, que non posibilitan habitualmente que o 1º trimestre do ano sexa efectivo para que os Concellos programen e moita da carga de programación se leva a cabo no 2º sementre do ano, veranse afectados gravemente este ano, polo que consideramos esta unha medida necesaria para “desconxestionar” eses últimos meses do 2020.

2. Esfuerzo na comunicación e xestión cos Concellos que se atopan en pleno proceso de contratación.

Solicitamos un esforzo coordinado por parte da Deputación Provincial no apoio e asistencia aos Concellos no referente ao proceso de contratación da Rede Cultural, máis aló do adiamento automático de todos os prazos administrativos en todo o Estado. Seguimento de que a contratación se está realizando coa normalidade que permite a situación actual.

3. Máxima rapidez no pago das axudas ás entidades locais.

En termos xerais solicitamos ás Administracións un esforzo en termos de xestión da tesouraría, avanzar os pagos o máximo posible e posibilitar que os aboamentos se realicen con rapidez, pois a situación de liquidez das empresas produtoras de artes escénicas será moi preocupante nos vindeiros meses.

4. Implementar unha potente campaña de promoción da nosa cultura, artellada e organizada de maneira coordinada nos niveis autonómico, provincial e local, que posibilite a volta dos públicos aos teatros e actividades culturais.